

butaria de Cataluña habilitadas para o efecto, nas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario situadas no ámbito territorial de Cataluña, así como en calquera oficina situada en territorio español da entidade colaboradora en que se desexe recibir o importe da devolución, incluso neste último suposto, malia que a presentación se efectúe fóra do prazo establecido no artigo 9 anterior. En ambos os casos, deberase facer constar o código de conta do cliente (CCC) que identifique a conta a que se deba realizar a transferencia. Tamén se poderán presentar estas declaracións nas oficinas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais, para a confección de declaracións mediante o programa de axuda desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Malia o anterior, cando o contribuínte solicite a devolución por transferencia bancaria nunha conta aberta nunha entidade de depósito que non actúe como colaboradora na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a declaración deberá ser presentada nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Axencia Tributaria de Cataluña habilitadas para o efecto, ou nas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario situadas no ámbito territorial de Cataluña.

No suposto de que o contribuínte non teña conta aberta en entidade de depósito ou concorra algunha outra circunstancia que o xustifique, farase constar ese extremo xuntando á declaración un escrito dirixido ao administrador ou delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda, quen, á vista deste e logo das pertinentes comprobacións, poderá ordenar a realización da devolución que proceda mediante a emisión dun cheque nominativo do Banco de España.

Así mesmo, poderase ordenar a realización da devolución mediante a emisión dun cheque cruzado ou nominativo do Banco de España cando esta non se poida realizar mediante transferencia bancaria».

3. Modifícase a alínea c) do número 2 do artigo 15, que quedará redactada como segue:

«c) Declaracións negativas e declaracións en que se renuncie á devolución en favor do Tesouro Público. Estas declaracións presentaranse, ben directamente ante calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nas oficinas da Axencia Tributaria de Cataluña habilitadas para o efecto, nas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario situadas no ámbito territorial de Cataluña, ou por correo certificado dirixido á delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do contribuínte.

Tamén se poderán presentar estas declaracións nas oficinas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais, para a confección de declaracións mediante o programa de axuda desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Malia o anterior, se o contribuínte tamén presenta declaración do imposto sobre o patrimonio e esta resulta a ingresar, a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas negativa ou con renuncia á devolución poderá presentarse conxuntamente coa do imposto sobre o patrimonio no lugar en que se presente esta última de acordo co establecido na alínea a) do número 3 deste artigo.»

4. Modifícase a alínea b) do número 3 do artigo 15, que quedará redactada como segue:

«b) Declaracións negativas. Estas declaracións presentaranse, ben directamente ante calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nas oficinas da Axencia Tributaria de Cataluña

habilitadas para o efecto, ou nas oficinas liquidadoras de distrito hipotecario situadas no ámbito territorial de Cataluña, ou por correo certificado dirixido á delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do contribuínte.

Tamén se poderán presentar estas declaracións nas oficinas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais, para a confección de declaracións mediante o programa de axuda desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Malia o anterior, se o contribuínte presenta declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou resultado a ingresar ou a devolver con solicitude de devolución, a declaración negativa do imposto sobre o patrimonio poderá presentarse conxuntamente coa do imposto sobre a renda das persoas físicas no lugar en que se presente esta última de acordo co establecido, respectivamente, nas alíneas a) e b) do número 2 anterior.»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, agás a disposición derradeira segunda que entrará en vigor o día 1 de outubro de 2008 e a disposición derradeira cuarta que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 22 de maio de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Os modelos a que se refire esta orde poden consultarse, en castelán, no «BOE» núm. 127, do 26 de maio de 2008.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9043 *REAL DECRETO 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos e se establece o rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal. («BOE» 127, do 26-5-2008.)*

A alimentación animal constitúe un elo esencial na cadea alimentaria con enorme transcendencia á hora de garantir a seguranza alimentaria, no que conflúen numerosas actuacións administrativas, entre as cales cabe destacar o rexistro e a autorización de establecementos e a comunicación de riscos entre as autoridades competentes, asociadas ao consumo de pensos.

A este respecto, o Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos, establece numerosas obrigas para os explotadores de empresas produtoras e comercializadoras de pensos, así como para os agricultores nas súas actividades de alimentación de animais destinados á produción de alimentos. Este real decreto procede a establecer normas específicas para a aplicación do primeiro grupo de normas, pero non regula as obrigas dos agricultores en relación coa alimentación dos animais establecidas polo Regulamento (CE) n.º 183/2005, que non son obxecto deste real decreto. En concreto, ademais, o citado Regulamento (CE) n.º 183/2005 dispón, no seu artigo 9.3, a obriga

de levar un ou máis rexistros de establecementos do sector da alimentación animal.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, así mesmo, prevé no artigo 72.2 o desenvolvemento dos correspondentes rexistros previos ao inicio da actividade dos establecementos do sector da alimentación animal por razóns derivadas da protección da saúde pública, a sanidade animal ou o interese público.

Por outro lado, o Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, establece, nos seus artigos 19.6 e 19.7, a obrigatoriedade de que os Estados membros poñan á disposición do público as listas de establecementos autorizados de acordo co seu artigo 10, e ás cales se refire o artigo 9, respectivamente.

Co fin de dar satisfacción aos obxectivos e obrigas previstos nas normas arriba citadas, este real decreto aborda a posta en práctica de medidas apropiadas, a través do rexistro informático de todos os establecementos implicados no sector da alimentación animal e a creación dun sistema de comunicación e intercambio de información entre as autoridades competentes no devandito sector.

Tanto o rexistro de establecementos como a comunicación dos riscos asociados ao consumo de pensos se sustentarán, integrarán e transmitirán a través da aplicación informática denominada «Sistema informático de rexistro de establecementos na alimentación animal» (SILUM), que se crea para o efecto.

Convén, así mesmo, para evitar unha duplicidade na actuación da Administración pública, establecer instrumentos de intercambio de información entre a base de datos de SILUM e as bases de datos informatizadas ou outros instrumentos de almacenamento de datos xa en disposición da Administración xeral do Estado, coa finalidade de facilitar a creación do Rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal.

A adopción mediante real decreto desta regulación normativa básica, que asenta na habilitación contida no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, fundaméntase, de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional, no carácter marcadamente técnico do obxecto de regulación.

Esta disposición foi sometida a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiron informe a Comisión Interministerial de Ordenación Alimentaria, a Comisión Ministerial de Administración Electrónica e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e do Ministro de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de maio de 2008,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

a) Establecer disposicións específicas de aplicación parcial do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos.

b) Establecer e regular o Rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán aplicables as definicións establecidas no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12

de xaneiro, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos, nas alíneas a) e c) do artigo 2 do Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos, no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na letra e) do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1831/2003, do 22 de setembro, sobre os aditivos na alimentación animal, a reserva das definicións específicas seguintes:

a) Autorización: o acto ditado pola autoridade competente polo cal se faculta o explotador de empresa de pensos para exercer nun establecemento a actividade de que se trate, logo de verificación de cumprimento do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, de acordo co previsto nos seus artigos 10 e 13.

b) Rexistro: a relación de establecementos que os explotadores de empresas de pensos comunicaron á autoridade competente de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Regulamento 183/2005.

c) Lista de establecementos rexistrados ou autorizados: a información mínima dos establecementos que as autoridades competentes porán á disposición do público, de conformidade co sinalado no artigo 19 do Regulamento 183/2005.

Artigo 3. *Rexistro de establecementos.*

1. Todos os establecementos dependentes dos explotadores dunha empresa de pensos se inscribirán nun ou varios rexistros xestionados pola autoridade competente das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla ou, no caso dos establecementos importadores ou exportadores, polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

2. Os establecementos que realicen unha actividade de transporte serán rexistrados pola autoridade competente en que resida a sede social da empresa de pensos a que pertencen.

3. Nos rexistros incluíranse, polo menos, os datos previstos no anexo I, tanto para as actividades obxecto de autorización conforme o artigo 5.1, como para os establecementos que non requiran autorización conforme o disposto no número 1 deste artigo, e que desenvolvan algunha das actividades incluídas no anexo II deste real decreto.

Artigo 4. *Rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, o Rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal, en diante Rexistro xeral, no que se incluírán os datos básicos dos establecementos de que sexan titulares os explotadores de empresas de pensos cuxa actividade quede dentro do ámbito de aplicación do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005.

O Rexistro xeral integrará, polo menos, os datos mencionados no anexo I que consten nos rexistros xestionados polas autoridades competentes.

2. O sistema de xestión dos rexistros das autoridades competentes permitirá que os datos que consten neles, de acordo co artigo 3, así como as altas, baixas e modificacións que nos devanditos rexistros se realicen, teñan reflexo inmediato no Rexistro xeral, para o cal, de ser o caso, se establecerán os mecanismos adecuados de conexión ou intercambio de datos entre as bases de datos autonómicas e o Rexistro xeral que serán determinados

pola Comisión nacional de coordinación en materia de alimentación animal.

Caso de existiren bases de datos de establecementos de empresas de pensos, que realicen actividades distintas das mencionadas no anexo II, que figuren en órganos da Administración xeral do Estado alleos á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, no exercicio das súas respectivas competencias, permitirase a implementación dos axeitados mecanismos de conexión ou traspaso de datos entre as súas bases de datos e o Rexistro xeral para permitir que as altas, baixas e modificacións que nos devanditos rexistros se realicen teñan reflexo no Rexistro xeral.

3. O Rexistro xeral constitúese na base de datos dentro da aplicación informática denominada «Sistema informático de rexistro de establecementos na alimentación animal» (SILUM), dependente do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. Este rexistro será accesible para as autoridades competentes, e para as forzas e corpos de seguraza.

O Rexistro xeral terá carácter público, sen prexuízo da debida protección dos datos de carácter persoal que poidan constar nel, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. *Autorización de establecementos.*

1. Necesitarán autorización os establecementos de empresas de pensos que realicen algunha das actividades a que se refire o artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

2. A autorización será concedida pola autoridade competente das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla, ou, no caso dos establecementos importadores ou exportadores, polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

3. Os establecementos transportistas que exerzan algunhas das actividades a que se refire o número 5.1 deste real decreto serán autorizados pola autoridade competente en que resida a sede social da empresa de pensos a que pertencen.

Artigo 6. *Listas de establecementos rexistrados ou autorizados.*

1. A autoridade competente incorporará todos os establecementos rexistrados en aplicación do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, á listaxe correspondente, de acordo coa actividade que desenvolvan, e manterao actualizado.

2. A lista de establecementos autorizados conforme os artigos 10 e 13 do Regulamento (CE) n.º 183/2005 recollerá, polo menos, os datos que figuran no anexo IV e a autoridade competente asignarlles un número de identificación conforme o número 2 do citado anexo.

3. A lista de establecementos rexistrados que desenvolvan algunha das actividades que figuran no anexo II recollerá, polo menos, os datos que figuran no anexo III e a autoridade competente asignarlles un número de identificación conforme o número 2 do citado anexo.

4. As autoridades competentes comunicarán á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño as listas de establecementos rexistrados ou autorizados e as súas actualizacións.

5. O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño elaborará e fará públicas, cos datos remitidos polas autoridades competentes, as listas pertinentes de establecementos inscritos, conforme o disposto no artigo

19 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro. Poderase dar publicidade a estas listas a través da páxina web do devandito ministerio ou, de ser o caso, a través doutros medios electrónicos.

Artigo 7. *Obrigas e dereitos dos explotadores de empresas de pensos.*

1. Ademais das obrigas establecidas no Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, os explotadores das empresas de pensos deberán conservar os rexistros a que se fai referencia no artigo 6.2 deste real decreto e nos anexos I e II de Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, un mínimo de tres anos, sen prexuízo de que outra normativa específica requira un período de tempo maior.

2. No caso dos explotadores de empresas de pensos que sexan fabricantes de pensos compostos, aditivos ou premesturas, deberán remitir á autoridade competente, antes do 31 de xaneiro de cada ano, os datos relativos ás cantidades de cada un dos produtos fabricados así como a cantidade das materias primas, aditivos, premesturas e pensos complementarios empregadas, referidas todas ao ano precedente.

3. Os establecementos de explotadores de empresas de pensos que non estean obrigados a efectuar unha solicitude de autorización de acordo co artigo 5, deberán ser comunicados á autoridade competente previamente ao inicio da actividade, na forma en que esta determine, tal e como se establece o artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

4. O explotador da empresa de pensos deberalles facilitar ás autoridades competentes, na forma en que estas determinen, antes do comezo da actividade ou actividades do establecemento, polo menos os datos necesarios para a inscrición que corresponda practicar, conforme o que figura no anexo I, salvo os citados nos súas alíneas a, d e e.

5. Os explotadores de empresas de pensos a que se refiren o artigo 5 e o mais o punto terceiro deste artigo, comunicarán á autoridade competente o cesamento nalgunha das súas actividades así como calquera cambio na denominación da empresa explotadora de pensos ou cambio de titular ou titulares dela, ou modificación dos datos recollidos no anexo I deste real decreto dos establecementos rexistrados de conformidade co artigo 4.2. A devandita comunicación farase no prazo máximo dun mes desde que se produza a modificación significativa da actividade. No caso de inicio dunha nova actividade será de aplicación o artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

6. O explotador dunha empresa de pensos será responsable de dispor da documentación axeitada que xustifique o rexistro de cada establecemento que conforme a empresa de pensos segundo estableza a autoridade competente.

Artigo 8. *Revogación ou suspensión da autorización ou anotación de baixa ou suspensión no rexistro.*

1. As autoridades competentes poderán suspender ou revogar as autorizacións e dar de baixa ou suspender as anotacións nos rexistros, logo de audiencia do interesado, nos termos previstos nos artigos 14 e 15, respectivamente, do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

2. Para efectos da revogación da autorización e baixa no rexistro entenderanse como deficiencias graves as infraccións a que alude o artigo 85 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, así como o incumprimento dos

requisitos establecidos no Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, de conformidade co disposto no seu artigo 5, que poidan supor un risco para a saúde pública, a sanidade animal ou o ambiente.

Artigo 9. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Vixencia da Orde do 31 de outubro de 1988.*

A Orde do 31 de outubro de 1988 relativa a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais mantén a súa vixencia e as referencias que nela se fagan ao Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, entenderanse feitas a este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1144/2006, do 6 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos, salvo o seu artigo 9, sobre a Comisión nacional de coordinación en materia de alimentación animal, e a disposición transitoria única, sobre importacións e exportacións.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1, regras 13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

Exceptúase do devandito carácter de normativa básica a regulación relativa a importacións e exportacións, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación e modificación.*

Facúltanse os ministros de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e de Sanidade e Consumo, para modificar, no ámbito das súas competencias, o contido dos anexos I a IV deste real decreto, para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de maio de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Datos mínimos do establecemento e do explotador de empresa de pensos responsable do establecemento, que deben figurar no rexistro xeral

- Número de autorización asignado ao establecemento do explotador da empresa de pensos.
- Apelidos e nome ou razón social do explotador da empresa de pensos e enderezo completo, nacionalidade e número de identificación fiscal (CIF ou NIF)
- Nome e apelidos do representante legal da empresa e o seu NIF.
- Data de alta no rexistro e, de ser o caso, baixa e/ou modificación.
- Autoridade competente que inscribe.
- Actividade ou actividades que desenvolve o establecemento.
- Enderezo completo do establecemento.

ANEXO II

Lista de actividades que, realizadas por establecementos de empresas de pensos, serán obxecto de rexistro segundo o artigo 3

1. As actividades dos explotadores de empresas de pensos en todas as etapas do proceso, desde a produción primaria de pensos ata a súa comercialización, salvo:

a) A produción primaria tal e como se define no artigo 3.f do Regulamento 183/2005, o ensilado e o almacenamento de pensos no lugar de orixe.

b) As actividades incluídas no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios concorrentes co disposto no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005.

c) As actividades incluídas no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

2. A importación e a exportación de pensos procedentes de ou destinados a países terceiros.

ANEXO III

Datos mínimos da lista e número de identificación dos establecementos rexistrados

1. Lista de establecementos de pensos rexistrados:

1	2	3	4	5
Número de identificación (1).	Actividade (2).	Nome ou denominación comercial (3).	Enderezo (4).	Observacións.

(1) Segundo o establecido no número 2 deste anexo.

(2) A = establecementos que fabriquen algún dos aditivos incluídos no Regulamento (CE) n.º 1831/2003 ou dos produtos indicados na Directiva 82/471/CEE distintos dos recollidos no número 1.a) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos.

B = establecementos que fabriquen pre mesturas distintas das previstas no número 1.b) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos.

C = establecementos que fabriquen para comercializar pensos compostos que utilicen aditivos para pensos ou pre mesturas que conteñan aditivos para pensos distintos daqueles a que se fai referencia no capítulo 3 do anexo IV do Regulamento 183/2005.

E = establecementos que produzan exclusivamente para as necesidades da súa explotación pensos compostos que utilicen pensos complementarios ou aditivos para pensos ou pre mesturas que conteñan aditivos para pensos distintos a aqueles a que se fai referencia no capítulo 3 do anexo IV do Regulamento 183/2005.

I = establecementos que realicen unha actividade de comercialización

F = establecementos cuxa actividade non se inclúa nas letras anteriores, que será concretada no cadro 5.

IMP = establecementos que realicen unha actividade de importación concorrente coas actividades das letras anteriores

EXP = establecementos que realicen unha actividade de exportación concorrente coas actividades das letras anteriores.

PM = establecementos que fabriquen e/ou comercialicen pensos medicamentosos en concorrencia con algunha das actividades das letras anteriores.

(3) Nome ou denominación comercial das empresas de pensos.

(4) Enderezo das empresas de pensos.

2. O número de identificación dos establecementos rexistrados constará:

1) do código ESP,

2) do número de referencia nacional, ata un máximo de oito caracteres alfanuméricos, que incluirá:

Dous díxitos que identifican a provincia, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.

O resto de díxitos asignaraos a autoridade competente.

ANEXO IV

Datos mínimos da lista e número de identificación dos establecementos autorizados

1. Lista de establecementos de pensos autorizados:

1	2	3	4	5
Número de identificación (1).	Actividade (2).	Nome ou denominación comercial (3).	Enderezo (4).	Observacións.

(1) Segundo o establecido no número 2 deste anexo.

(2) A = establecementos que realicen unha actividade de fabricación incluídos no número 1.a) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos e fabricantes de aditivos da alínea e) do artigo 6.1 do Regulamento (CE) n.º 1831/2003, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro, sobre os aditivos na alimentación animal.

B = establecementos que realicen unha actividade de fabricación incluídos no número 1.b) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos.

C = establecementos que realicen unha actividade de fabricación incluídos no número 1.c) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos, salvo os incluídos na letra E deste capítulo.

E = establecementos que realicen unha actividade de fabricación incluídos no número 1.c) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos, que destinen toda a súa produción de pensos para as necesidades da súa explotación.

I = establecementos que realicen unha actividade de comercialización incluída nos números 1.a, 1.b e 1.c do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos, e que comercialicen aditivos da alínea e) do artigo 6.1 do Regulamento (CE) n.º 1831/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro, sobre os aditivos na alimentación animal.

IMP = establecementos que realicen unha actividade de importación concorrente coas actividades das letras anteriores

EXP = establecementos que realicen unha actividade de exportación concorrente coas actividades das letras anteriores

PM = establecementos que fabriquen e/ou comercialicen pensos medicamentosos en concorrencia con algunha das actividades das letras anteriores.

(3) Nome ou denominación comercial das empresas de pensos.

(4) Enderezo das empresas de pensos.

2. O número de identificación dos establecementos autorizados constará:

1) do carácter «α»,

2) do código ESP,

3) do número de referencia nacional, ata un máximo de oito caracteres alfanuméricos, que incluirá:

Dous díxitos que identifican a provincia, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.

O resto de díxitos asignaraos a autoridade competente.